

CAMPIONATO GALEGO DE NATACIÓN

ALEVÍN DE VERÁN

Piscina Municipal de Cervo, 50 metros, 8 estaxes
Cervo, 21 e 22 de xuño de 2025

INSTRUCCIÓN TÉCNICAS

1.- Horarios das probas

Hora de comezo	Sábado 21	Domingo 22
Sesión de mañá	10:30	10:00
Sesión de tarde	17:00	16:30

2.- Quecementos

Comezarán dúas horas antes do inicio das probas e finalizarán 15 minutos antes.

Utilización de material de adestramento. Durante os quecementos na piscina de competición só se permite a utilización do seguinte material auxiliar: pull-boy e táboa de pes.

Por seguridade **NON se poderán utilizar aletas, palas, gomas de resistencia...** nin se permitirá lanzarse á auga de cabeza.

Os nadadores evitarán agarrarse ás placas do crono electrónico e as liñas de boias.

Ó finalizar cada sesión os nadadores terán a piscina á súa disposición durante un período de 30 minutos.

Non se poderán efectuar quecementos na piscina de competición durante as cerimonia de entregas de medallas nin de premiación.

3.- Acreditación de delegado

A acreditación da persoa delegada de club deberá enviarse por correo electrónico cumprimentado na súa totalidade antes do 20 de xuño.

Tal e como se recolle na circular 24-04 a persoa adestradora así como a delegada acreditadas polo club deberán estar en posesión da súa correspondente licenza federativa para a presente tempada.

4.- Baixas

As baixas deberán ser comunicadas a través do formulario web como mínimo, **60 minutos antes** do inicio de cada sesión pola persoa Delegada do Club.

A ausencia da comunicación regulamentaria de baixa dunha inscrición suporá a baixa automática da persoa en todas aquelas probas que lle resten por nadar nesa sesión (sexan probas individuais ou de remudas).

5.- Remudas

A composición das remudas deberán ser comunicada a través do formulario web como mínimo **60 minutos antes** do comezo de cada sesión coa fin de efectuar as comprobacións necesarias e introducir os datos dos participantes na base de datos.

A FEGAN resérvase o dereito de non publicar os nomes dos nadadores da remuda que non cumpran estas instrucións.

6.- Reclamacións

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 11.

7.- Comisión de competición

Segundo o establecido no Regulamento Xeral da FEGAN (Libro IV das competicións), no seu artigo 2.

8.- Cámara de saídas

Os nadadores deberán presentarse na cámara de saída 2 series antes antes do inicio da súa proba.

9.- Desenvolvemento da competición

O horario publicado é estimativo e podería variar debido ás baixas que se poidan producir e en función do desenvolvemento da propia competición.

Todas as probas se disputarán contra o reloxo.

Nas probas de 800 m e 1500 m libre indicárase o número de longos que restan por percorrer no frontal da piscina e os derradeiros 100 metros sinaláranse con sinal acústica de campá.

Os nadadores evitarán subir por encima das placas abandonando a piscina polas escaleiras laterais tanto nas probas individuais como nas remudas. Os participantes das pistas 1 a 4 saíran da auga pola escaleira lateral dereita e os das pistas 5 a 8, saíran da auga pola escaleira lateral esquerda.

Durante a competición, os nadadores accederán á cámara da saída polo lateral da cristaleira da piscina. Unha vez rematen a proba, volverán saír polo mesmo lado.

10.- Récores e mellores marcas galegas idades

Anunciaranse por megafonía tódolos récores e mellores marcas galegas no intre no que se produzan e figurarán nos resultados oficiais.

11.- Resultados no marcador electrónico

Os resultados que aparecen no marcador electrónico non se poderán considerar en ningún caso oficiais até que o xuíz árbitro dea o seu visto bo.

12.- Entrega de medallas

As entregas de medallas terán lugar nos momentos que figuran nas series do Campionato. Os nadadores premiados serán chamados por megafonía para acudir ao lugar establecido para a entrega de premios.

É imprescindible a colaboración dos medallistas así como os seus adestradores e delegados para que a dinámica da competición sexa fluída.

Os medallistas deberán presentarse no podio co uniforme do seu club.

13.- Entrega de resultados

Os resultados serán publicados na páxina web da Federación. Non se entregarán resultados en papel.

14.- Uso da instalación

Os clubs participantes estarán situados nas bancadas segundo a distribución feita pola organización.